

PRAIA, MONTAÑA OU PLUMA?

A axilización das ideas

25.08.2010 O que máis lle gusta a María Xosé Queizán é pensar e recoñece que non escribiría se non lle gustase

ADRIÁN GONDAR . SANTIAGO

Non lle gustou *Origen*, pero si *Sun-shine Cleaning*. Non escoita a Georgie Dann, pero si música húngara. Non lle gusta toma-lo Sol, pero si pasear pola praia. María Xosé Queizán é unha muller vital, riseira e amante da literatura, á que chama vocación. Considera que as ideas se axilizan coas vivencias, e a relata-las súas será ó que probablemente se dedique nos próximos meses.

Está a ter un verán de lecer ou de traballo?

As dúas, para min o traballo tamén é lecer. Estou traballando bastante e ó mesmo tempo gozando do bo tempo e das noites quentes.

Cales son os seus plans?

Teño unha viaxe programada para outono, e nesta época veraneo en Vigo, un lugar estupendo para iso.

Vese practicando o Xacobeo?

Que va! Fixen o Camiño de Santiago en coche hai moitos anos. Non teño nada que ver con esa práctica, paréceme que está moi ben para a quen lle guste, pero a min non me interesa. Coñezo a cidade dende pequena. Santiago para min é moitas cousas e o Camiño non ten nada que ver co concepto que teño dela.

Ten algún proxecto literario?

Estou repasando un ensaio que vai saír en outono, creo, e unha obra de teatro que tamén teño escrita. Probablemente me dedicarei ás miñas memorias, pero iso xa o veremos.

Que lle gusta máis do verán?

Gústanme tódalas estacións. O outono paréceme dende o punto de vista do campo máis bonito, as cores que hai no outono son as miñas preferidas. O clima temperado que temos nesta illa tropical paréceme excelente, non teño unha preferencia excepcional polo verán.

Entre tomar cañas nunha terraza ou un volta e volta deitada na praia, que escollería?

Tomar cañas. A min a praia gústame, pero para camiñar. De volta e volta nada, que me aburro moito.

Estivo lendo neste verán?

Estou con *Ideas sobre la complejidad del mundo* de Jorge Wagensberg, un científico filósofo. Tamén estou lendo un libro de Ángel Rodríguez Gallardo sobre as vidas de Enriqueta Otero Blanco e *Genes, pueblos y lenguas*, de Luigi Luca Cavalli-Sforza. Pola noite leo novelas de crime e policiais.

E escoita música ou vai ó cine?

Ultimamente escoito música húngara, que me gusta moito, pero vou cambiando. Ó cine vou cando hai películas que me interesen. Vin *Sunshine Cleaning*, dunhas mulleres no paro que limpan os lugares dos crimes. *Madres e hijas* está ben, pero *Origen* pareceume unha tomadura de pelo.

Practica algún deporte?

Xa teño unha idade na que non me podo permitir moito deporte, o meu deporte é camiñar, e os exercicios ximnásticos e estiramientos. Camiño moi a présa, iso si, pásolle a todo o mundo. A literatura para un escritor é á vez unha profesión e un hobby?

Non a cualifico nin de hobby nin de profesión, porque sendo escritora galega falar de profesión é unha tomadura de pelo. Eu cualifícoo de vocación. O escritor sempre ten un libro baixo o brazo?

Depende do peso (risos). Teño os libros pola casa, e se vou a algún sitio onde teño que esperar, coma a algunha clínica, levo un libro no bolso e procuro que sexa lixeiro.

Nas vacacións adoitan vir á mente boas ideas de cara a un vindeiro traballo? As ideas están sempre, é coma se me dis: "Estás de vacacións e respiras?". Son permanentes e vanse axilizando coas vivencias, as lecturas. A máquina de pensar non se pode parar, e se alguén sabe, que o faga. A min pensar é o que máis me gusta do mundo. Están sempre aí, afortunadamente.

Con quen lle gustaría compartir un espazo virtual?

Cada día con persoas distintas. Gustárame moito estar ás veces con Mary Shelley, levo bastante tempo con ela e todo ese grupo de xente. Tamén me gustaría estar con Darwin, Einstein, e con moitísima máis xente.

Custa arrincar ó volver escribir tralas vacacións?

Hai momentos nos que estás predisposta, desganada ou inventas que facer para non sentar aí, pero en xeral gozo escribindo, remato de almorzar e xa estou a traballar. Se non me gustase, non escribiría, porque os resultados económicos e de éxitos son tan reducidos no meu caso que mellor sería dedicarse a calquera outra cousa.

O PERFIL

Nome: M. Xosé Queizán Vilas

Lugar de nacemento: Vigo

Ano de nacemento: 1939

Obras: *A muller en Galicia* (1977), *A orella no buraco* (1984), *Metáfora da metáfora* (1991), *Despertar das amantes* (1993), *¡Sentinela, alerta!* (2002), *O Segredo da Pedra Figueira* (2003), *Amor de tango* (2007), *Anti natura* (2008)...

Premios: Premio Xunta de Galicia polo guión da película *Prisciliano* e finalista ó premio Álvaro Cunqueiro por *Antígona, a forza do sangue* (1989).

Ademais: É unha figura relevante do movemento feminista en España e catedrática en lingua e literatura galega. Dirixiu compañías de teatro e unha galería de arte e colaborou en distintos medios de comunicación.

EL CORREO GALLEGO